

OBRADOIRO

XEOMETRÍA CON PAPEL

CAMIÑA CODESIDO, SANDRA YOLANDA

IES Salvaterra de Miño

PÉREZ LÓPEZ, M^a TRINIDAD

IES nº 1 de Ordes

A papiroflexia ou origami é un recurso importante co que contamos os profesores para a súa utilización na aula de matemáticas. Esta técnica proporciona ao profesor de matemáticas unha ferramenta pedagóxica que lle permite traballar con contidos conceptuais e de procedemento e desenvolver aspectos como percepción espacial, lateralidad e habilidades motoras.


Este xeito de traballar cos alumnos motívalles para ser creativos e elaborar os seus propios modelos nos que pode investigar a relación que teñen coa xeometría plana e espacial.

Expoñemos a continuación os aspectos nos que imos a incidir de forma directa no taller que imos desenvolver coa construción dun esqueleto do octaedro e a disección do cubo en catro pirámides e un octaedro co que despois ademais de facer o puzzle podemos suscitar cuestións matemáticas moi interesantes.

OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE:

- Construír figuras xeométricas
- Analizar e estudar os seus elementos en xeometría plana facendo uso do mapa de cicatrices
- Analizar e estudar os seus elementos en xeometría espacial
- Conseguir unha actitude crítica ante os elementos xeométricos
- Desenvolver a visión espacial
- Adquirir o hábito de abstraer os conceptos fundamentais a partir de exemplos concretos
- Comprobar a veracidade de teoremas matemáticos a partir da manipulación das figuras.

É importante sinalar tamén entre as vantaxes que ofrece a papiroflexia que cun mesmo material podemos traballar moi distintos niveis da educación. Unha mesma figura podemos utilizala cun neno de 8, 9, ? ou 15, 16? anos. A diferenza estriba en elaborar a ficha de traballo adecuada para poder traballar co grupo de alumnos correspondente. É traballo do profesor buscar o material adecuado e suscitarse un esquema de traballo efectivo. Sempre hai que ter en conta que a papiroflexia é un medio, non un fin e cando se utiliza no estudo das matemáticas é importante cuestionarse, estudar propiedades, observar, analizar e conjeturar, a partir da manipulación do papel.



Esta última figura será para os avanzados

